


2ª AVALIACIÓN

51. **Habent sua fata libelli:** “os libriños teñen o seu destino”. Esta frase alude á importancia do lector na interpretación das obras literarias, é dicir, os textos só teñen sentido se o lector está en condición de entendelos: *O lectores somos quen lle damos vida aos libros, porque habent sua fata libelli.*
52. **Hic et nunc:** “aquí e agora”, é dicir, na circunstancia actual. *Busquemos unha solución ao problema hic et nunc.*
53. **Homo homini lupus:** “O home é un lobo para o home”. É unha frase do filósofo inglés Thomas Hobbes (s. XVII), quen a tomou do comediógrafo latino Plauto (*Asinaria*, verso 495 *lupus est homo hominis*). Hobbes consideraba os homes como seres egoístas e con gran capacidade para facer moito mal aos seus semellantes. *Certos comportamentos dos meus compañeiros de traballo demostran que homo homini lupus.*
54. **Homo sapiens:** “home sabio”. Na evolución dos homínidos o *homo sapiens* equivale ao humano actual. *O homo sapiens ten capacidade para aprender, falar, inventar, relacionarse...*



55. **Hora est iam de somno surgere:** “xa é hora de espertar do sono”. Frase tomada da *Vulgata* (Novo Testamento, epístola de San Pablo). Significa que xa é hora de quitarse a desgana e a indolencia. *Espabila! Hora est iam de somno surgere.*

56. **Horror vacui:** “horror ao vacío”. Esta expresión emprégase na arte e aplícase aos espazos que están completamente decorados. O *horror vacui* é, por exemplo, unha característica da estética do Barroco (movemento artístico dos ss. XVII-XVIII) ou do Rococó (estilo artístico que xorde en Francia no s. XVIII). *Esperta en min máis interese a estética do Renacemento que a do Barroco co seu horror vacui.*



57. **Ibidem:** “alí mesmo”, “no mesmo lugar”. Acostuma a usarse nas notas a pé de páxina para remitir a unha obra xa citada. Habitualmente emprégase a abreviatura *ib.* ou *ibid.* Exemplo: *Ibidem*, p. 43.
58. **Idem:** “o mesmo”. Habitualmente emprégase para evitar unha repetición. Presento a continuación un diálogo no que se emprega *idem*:
- Creo que o profesor de Bioloxía nos debería avisar con máis antelación dos exames. Que pensas ti?
- Idem*.
- Tamén se pode utilizar nas citas bibliográficas. Neste caso usarase *idem* cando a referencia provén da mesma páxina que a cita inmediatamente anterior.
59. **Id est:** “isto é”, “é dicir”. Emprégase para dar paso a unha explicación ou aclaración ao que se acaba de expresar. O máis frecuente é encontrar a abreviatura *i.e.* *O Lineal A é un tipo de escritura que está sen descifrar, i.e., ninguén foi capaz de comprender o significado dos seus signos.*
60. **Imprimatur / Imprimi potest:** “imprímase” / “pódese imprimir”. Fórmula mediante a que a autoridade eclesiástica da o visto bo e permite a impresión dun escrito, autorizando así a súa lectura por parte dos fieis. *A Conferencia Episcopal non lle concedeu o imprimatur ao libro titulado “Jesús. Aproximación histórica”.*
61. **In absentia:** “en ausencia”. Este latinismo úsase no argot legal para referirse a unha condena á que se chega nun xuízo sen estar presente o acusado para responder aos cargos. Nalgúns sistemas legais isto é posible, noutros, non: *Hoxe en día os xuízos in absentia son unha excepción.*
62. **In aeternum:** “para sempre”, “para a eternidade”. *A música de Mozart vivirá in aeternum.*
63. **In albis:** “en branco”. Actualmente usamos esta expresión cos verbos “estar” ou “quedarse” para indicar que alguén esqueceu algo totalmente ou que se quedou sen palabras. *Non puiden responder. Quedeime in albis.*

64. **In articulo mortis:** “no instante da morte”. Pode usarse referido ao matrimonio que se contrae cando un dos seus membros está en perigo de morte. *Casouse in articulo mortis coa súa parella de toda a vida.*
65. **In dubio pro reo:** “no caso de dúbida, a favor do reo”. É un principio xurídico. Significa que en caso de dúbida (por exemplo, por insuficiencia de probas) se favorecerá ao acusado. *Os medios de comunicación violaron o principio de in dubio pro reo acusándoo dun crime do que, finalmente, non resultou ser culpable.*
66. **In extremis:** “nas últimas”, “no último momento”. Pode referirse aos últimos instantes da existencia (*Cambiou o testamento in extremis*) ou aos últimos instantes dunha situación perigosa ou comprometida (*O acordo logrouse in extremis*).
67. **In fraganti / in flagranti:** a expresión completa é *in fraganti / flagranti delicto*, que se podería traducir como “en resplandecente delito”. Utilízase cando alguén é sorprendido no mesmo momento no que está cometendo o delito ou realizando unha acción censurable. *O ladrón foi collido in fraganti.*
68. **In illo tempore:** “naquel tempo”, “naquela época”. Úsase co sentido de “noutros tempos, fai moito tempo”. *In illo tempore a vida era moito máis sinxela. In illo tempore polas rúas de Gondomar circulaba o tranvía.*
69. **In itinere:** “no camiño”. Normalmente úsase cando falamos dun accidente sufrido por un traballador durante o desprazamento cara ou desde o lugar de traballo, e que é considerado accidente laboral. *Manuel sufriu un accidente in itinere.*
70. **In medio virtus:** “no medio, a virtude” ou “no medio está a virtude”. É a adaptación latina dun dos pensamentos que Aristóteles (s. IV a.C.) expresou na *Ética a Nicómaco* e que invita a buscar a virtude e o equilibrio no punto medio, lonxe dos extremos. *Considero que ningunha ideoloxía política extremista é a correcta, porque in medio virtus.*
71. **In memoriam:** “en memoria” (de alguén ou de algo). Xeralmente alude á unha persoa xa falecida. *Celebrouse un acto in memoriam do profesor que faleceu recentemente.*



72. **In mente:** “na mente”, “no pensamento”. *Con esta idea in mente encerrouse na súa habitación.*
73. **In pectore:** significa literalmente “no peito”. Emprégase para referirse a unha persoa que xa foi designada para un cargo, pero cuxo nomeamento aínda non se fixo público. *Pablo Rodríguez, o profesor de música, é o director in pectore do noso instituto.*

74. **In saecula saeculorum**: “polos séculos dos séculos”, é dicir, para sempre ou eternamente. A música de Mozart perdurará in saecula saeculorum.

75. **In situ**: “no lugar”, “no sitio”, é dicir, sobre o terreo. Os investigadores fixeron indagacións in situ.

76. **Intelligentibus pauca**: “aos intelixentes, poucas cousas”. Quere dicir que os intelixentes necesitan poucos datos ou poucas explicacións para entenderen unha determinada situación. Equivale ao noso refrán castelán “a buen entendedor pocas palabras bastan”. *Creo que non precisas que che dea máis explicacións sobre o sucedido, porque intelligentibus pauca.*

77. **In vino veritas**: “no viño, a verdade” ou “no viño está a verdade”. Cando unha persoa bebe tende a dicir verdades que non se atrevería a dicir estando sobrio. A frase completa é: *In vino veritas, in aqua sanitas* (“No viño, a verdade, na auga, a saúde”). Plinio o Vello (s. I d.C.) é o seu autor, aínda que o dito foi popularizado por Erasmo de Rotterdam (ss. XV-XVI). Aforismos similares xa existían na literatura grega: Alceo (630-580 a.C.) dixo: Ἐν οἴνῳ ἀλήθεια. *Creo que sempre hai que escoitar ás persoas que beberon algo de máis, porque todos sabemos que in vino veritas.*



78. **Inter nos**: literalmente “entre nós”, é dicir, en confianza. *Vou a confesar aquí, inter nos, que estou atravesando grandes problemas económicos.*

79. **Interim**: “entretanto”. Actualmente tendemos a usalo como un substantivo: *Saiu un momento a facer a compra e neste interim chamárona do hospital para unha cita médica.*

80. **Ipsa facto**: “no propio feito”, é dicir, inmediatamente. *Acudimos á súa chamada de socorro ipsa facto.*

81. **Lapsus calami**: “erro da pluma”. Refírese a un erro involuntario que se comete ao escribir. *Este erro non pode ser xustificado como unha errata de imprenta ou un lapsus calami.*

82. **Lapsus linguae**: “erro da lingua”. Refírese a un erro involuntario que se comete mentres se fala. *Un lapsus linguae é con frecuencia revelador das intencións e preocupacións reprimidas.*

83. **Lato sensu**: “en sentido amplo”. *Lato sensu, a intelixencia é unha capacidade biolóxica de adaptación.*

84. **Magister dixit**: “o mestre dixo”. Actualmente emprégase para falar dun argumento sen réplica, xa que procede dalguén con certa autoridade (mestre, xefe, un superior...). Tamén pode ter un valor irónico e usarse para replicarlle a quen presume de sabelo todo e de levar sempre a razón.

85. **Manu militari:** “pola/coa forza das armas”. As expulsións manu militari foron o pan de cada día para estes migrantes.
86. **Mare magnum:** literalmente significa “mar grande” e, por extensión, “confusión”. É imposible atopar o documento que estou buscando entre o mare magnum dos meus arquivos.
87. **Mea culpa:** “pola miña culpa”. Esta fórmula serve para recoñecer unha culpa ou un erro, ou para admitir a responsabilidade por algunha equivocación: *Síntoo, mea culpa*. Tamén pode usarse co significado de “recoñecemento dunha culpa ou dun erro”: *Entoou o mea culpa*.
88. **Memento mori:** “recorda que has de morrer”, é dicir, recorda que eres mortal. A orixe desta expresión remóntase a que, cando un xeneral romano desfilaba victorioso polas rúas de Roma sendo aclamado polo pobo, un servo repetíalle esta frase para recordarlle os límites da súa natureza humana. Deste xeito, intentaba que non caese na soberbia. A expresión *memento mori* converteuse nun tópico da arte, no que acostuma aparecer unha calaveira como símbolo da morte, e da literatura, onde se trata a fugacidade da vida.



89. **Memorandum:** “o que debe ser recordado”. Chámase así a un informe no que se recopilan feitos e datos que deben terse en conta nun determinado asunto. *O presidente da Xunta enviou un memorandum á comisión executiva*.
90. **Mens sana in corpore sano:** “mente sa, nun corpo san”. Estas palabras remontan a Xuvenal (ss. I-II d.C.), un poeta satírico romano, e indican que para a saúde do corpo é indispensable a saúde psicolóxica e viceversa. *Intento ir habitualmente ao ximnasio, porque mens sana in corpore sano*.
91. **Modus operandi:** “modo de traballar” ou “xeito de actuar”. *O asasino foi delatado polo seu modus operandi*.
92. **Modus vivendi:** “modo de vivir”, equivale a xeito de gañarse a vida. *Fixeron desta actividade o seu modus vivendi*.

93. **Mortis causa:** “a causa da morte”. É un termo xurídico que se emprega para falar dun testamento ou dunha doazón que non produce efectos ata o falecemento do/a doante. Unha doazón *mortis causa* é o oposto a unha doazón *inter vivos*. *A casa na que vivo é froito da doazón mortis causa que miña aboa me fixo.*
94. **Motu proprio:** literalmente significa “por propio movemento”. Emprégase co significado de “por propia iniciativa”, “voluntariamente”. *Se alguén desexa confesar motu proprio algo relacionado con este incidente, que quede na aula, por favor.*
95. **Mutatis mutandis:** “cambiando o que deba ser cambiado”. *Unha característica común dos nosos políticos, mutatis mutandis, é a tendencia á corrupción.*
96. **Nemine discrepante:** literalmente significa “sen que ninguén discrepe”. Emprégase co sentido de “por unanimidade”, “sen oposición”. *O claustro, nemine discrepante, aprobou a prohibición do uso do móbil durante a xornada escolar.*
97. **Nihil novum sub sole:** “nada novo baixo o sol”. Esta expresión indica que practicamente todo o que nos rodea xa ten un precedente ou que xa existiu unha situación similar. *Canto máis profundizo no coñecemento do cultura e da civilización latina, máis sentido cobra o dito de nihil novum sub sole.*
98. **Nihil obstat:** “nada se opón”. A expresión usábase durante o proceso da censura eclesiástica, que controlaba a impresión das obras: *Galileo non logrou o nihil obstat para publicar a súa teoría do heliocentrismo*. Actualmente emprégase nun sentido máis amplo, para manifestar a falta de oposición, por exemplo, na política: *Recibiu o nihil obstat e será embestido presidente.*

99. **Noli me tangere:** “non me toques”. Palabras que Xesucristo lle dixo a María Magdalena cando resucitou. De ahí que se denomine así en arte á representación na que Cristo se lle aparece a María Magdalena. Actualmente utilízase co sentido de “non te achegues”: *Hoxe non estou para aturarte, así que noli me tangere!*
Noli me tangere tamén é o nome que reciben algunhas chagas que empeoran ao seren tocadas.



Correggio (s. XVI), *Noli me tangere*, Museo do Prado.

100. **Non plus ultra:** literalmente significa “non máis alá”. Ten a súa orixe na expresión que, segundo a lenda, Hércules gravou nas columnas que había no estreito de Xibraltar para indicar que non había terra máis alá e que alí se acababa o mundo coñecido.